

data/duración: 19/01/2023 16:00-19:00

Asistentes:

Mónica García Cortizo
Emilio González Avión
Carlos García Movilla
Anabela Simoes Martíns
María del Carmen Costas Lago
María Goretti Castro Justo
María José Iglesias Lores
Dolores Ferreira Ramilo
Susana Estévez da Vila
Rosa María Iglesias Galán
Natalia Regueiro Lois
Victor Gómez Martín
Begoña Montenegro Rodríguez
Raúl Matos Conde
Óscar Loeda Rivas

Ausencias:

Laura Rodríguez Losada
María de la Paz Orois Fernández
Xenxo Pérez García
Marina González Araujo
Olga Mijón Pedreira

Observacións

Sesión Grupal para dar inicio os proxectos que se van a desenvolver no ámbito dos Polos Creativos.

Orden do Día

Listaxe dos puntos do orden do día:

1. Rexistro asistencia.
2. Concreción dos proxectos que entrarán no ámbito dos Polos, asinar responsables e organizar equipos de traballo.
3. Integrar os Proxectos do Club de Ciencia do Centro dentro dos Proxectos dos Polos.
4. Próximas accións.

Temas Tratados

Antes de comenzar a debater sobre os proxectos estase de acordo que dado que este ano o tempo é moi limitado e que non se ten aínda formación en moitas das ferramentas de uso nos Polos, estes deberían ser moi realistas nos tempos e no seu alcance e facilmente trasladable ó alumnado.

Pasamos a debater de seguido sobre os seguintes proxectos clasificados por áreas de traballo:

1. Proxectos de Radio/PodCast

Na parte de radio/podcast débátese as seguintes propostas de proxectos:

» **Club de Lectura–1ºe2ºESO/1ºBach, aprox. 10 alumn@s (Proposta por Rosa María Iglesias Galán)**

Realizar podcasts con comentarios de libros entre o alumnado do Club de Lectura (Luns a mediodía preferentemente). Mencionase como moi interesante subir os podcasts a plataforma **ivoox** (necesaria conta de centro). Isto podería aplicar a todos os proxectos de podcast.

Fálase da posibilidade de estender os comentarios de libros a outras linguas: inglés, francés...

Lidera actividade: Rosa.

» **Curricular–Oratoria–3ºESO, aprox. 13 alumn@s (Proposta por Susana Estévez da Vila)**

Realizar podcasts con unha actividade curricular xa prevista de gravación e edición de audio con audacity.

Lidera actividade: Susana.

» **Curricular –Afondamentos inglés–3ºESO, aprox. 15 alumn@s (Proposta por Anabela Simoes Martíns)**

Realizar podcasts de entrevistas en inglés por parte do alumnado á asistente de inglés e ó alumnado estranxeiro do centro.

Lidera actividade: Anabela.

» **Curricular–inglés–concretar grupo? (Proposta por Víctor Gómez Martín)**

Realizar podcasts relacionados cos Videoxogos, ademais amplialo con gravación de vídeo.

Lidera actividade: Victor.

» **Curricular–Afondamentos francés–2ºESO, aprox. 13 alumn@s (Proposta por Begoña Montenegro Rodríguez)**

Podcasts de temas relacionados coa cultura francesa.

Lidera actividade: Begoña.

» **Curricular–Gallego–1ºESO, todo o grupo (Proposta por Emilio González Avión)**

Podcasts para recitar poemas en galego.

Lidera actividade: Emilio.

Durante o debate dos proxectos de podcasts xurde a dúbida de como organizar os grupos de traballo durante a fase de gravación. Varias posibilidades. Se o grupo de alumnado é de bacharelato (2º preferentemente) e non é elevado (dobre, afondamentos, por exemplo) poderían asistir todos. Cando non podan asistir todos e necesario organizar os grupos coa asistencia doutro profesor, por exemplo, de garda.

Conclúese que é importante para comezar canto antes os proxectos de podcasts cumprir os seguintes fitos:

1. Rematar a formación de Radio.
2. Montar o estudo de radio: Necesario dúas mesas, para o equipo de mesturas, ordenador, monitor(es) e micrófonos.
3. Intentar escoller outro lugar para o estudio diferente da sala dos polos xa que temos problemas de espacio e insonoridade.

Responsable seguir estes puntos para poñer en marcha o estudo canto antes: Óscar.

2. Proxectos de Vídeo/Fotografía

Na parte de vídeo/fotografía débátese as seguintes propostas de proxectos:

» **Club de Igualdade— aprox. 10 alumn@s (Proposta de Dolores Ferreira Ramilo)**

Realizar gravación/edición de entrevistas a xente (preferentemente mulleres) importantes para ó alumnado. Dado que a actividade non tería porque necesitar material dos Polos coméntanse un posible enfoque para poder utilizar ferramentas dos Polos, por exemplo, o croma: Apertura da entrevista cun pequeno documental onde apareza o entrevistad@r e de fondo imaxes que den un contexto a persoa entrevistada.

Lidera actividade: Loli.

» **Curricular—concretar grupo? (Proposta por Rosa María Iglesias Galán)**

Documental sobre o traballo da realización dunha obra de teatro a desenvolver no centro.

Lidera actividade: Rosa.

» **Curricular—francés—concretar grupo? (Proposta por Begoña Montenegro Rodríguez)**

Traballo de vídeo sobre os monumentos de París co uso do Croma.

Lidera actividade: Begoña.

» **Curricular—E.Plástica—concretar grupo? (Proposta Carlos García Movilla)**

Traballo de Fotografía, actividade xa prevista no currículo, facendo uso dos dispositivos de iluminación do estudo de Fotografía dos Polos.

Esta actividade aínda non se confirma como proxecto de Polos xa que Carlos prefire trasladar a parte de iluminación o seu departamento durante esta actividade. Pendente acordar esta posibilidade.

Lidera actividade: Carlos.

Seguimento posible traslado de aparellos iluminación: Óscar.

Por outra banda, dado que o vídeo pódese integrar con calquera outro proxecto, queda como un punto aberto que debe concretarse segundo avancen as actividades dos polos. Coméntase, como exemplo, gravar un experimento de ciencia independentemente que sexa relacionado cunha actividade dos Polos.

3. Proxecto de facer un Trivial (Proposta por Natalia Regueiro)

Elaborar o xogo do Trivial coa participación do resto dos departamentos para elaborar as preguntas/respostas de temas cos alumnos estean a cursar.

Faríamos uso dos dispositivos dos Polos:

- Uso de Impresora 3D para crear las fichas
- Posibilidade de uso da Cortadora Láser para o taboleiro.
- Posibilidade de uso do Plotter de Corte para crear as tarxetas.

Organizar o xogo por niveis para que as preguntas se adapten ó nivel do alumnado. Dependencia da formación nas ferramentas de Impresora 3D, C. láser e Plotter de corte.

Liderada actividade Natalia Regueiro coa asistencia de Carlos e Begoña.

4. Proxecto de Cartelaría (Proposta de Natalia Regueiro)

Crear carteis para as entradas ás aulas que substitúan os actuais que en moitos casos ou están des-actualizados ou non teñen en conta a equidade de xénero. Ampliar a idea para que sexan facilmente adaptables para cambios futuros.

Coméntase a posibilidade de que poidamos aproveitar os cambios dos carteis para facer dedicatorias a personaxes relevantes da ciencia ou cultura, por exemplo.

Preferentemente uso da ferramenta de Plotter de Corte para o vinilo.

Lidera actividade: Natalia.

5. Proxectos do Club de Ciencia

A idea inicialmente proposta (Óscar) é a de integrar os proxectos do club de ciencias cos Polos. Despois de debater o estado actual dos proxectos do club de ciencias conclúese que temos que definir mellor estes proxectos: concretar que facer, alcance e obxectivos.

Pendente data para reunión específica cos participantes do club de ciencias.

Lidera o seguimento: Goretti (CC) / Óscar (Polos).

6. Outras propostas

Exponse as seguintes:

- Intentar idear un proxecto da parte E-Textil. Dependencia do curso de formación. Lidera: Carlos.
- Uso da Pantalla Dixital para proxeccións de cine. Pendente validar. Proposta de Rosa. Seguimento: Óscar.

Próximas accións

- Crear un Grupo de Whatsapp a proposta de Natalia. Responsable seguimento: Óscar
- Facer seguimento do lanzamento dos proxectos. Responsable seguimento: Óscar
- Montaxe do Estudo de radio. Responsable: Óscar coa asistencia de alguén do curso de Radio.
- Convocar próxima reunión. Responsable: Óscar.